
A LÚA DE XOÁN

Texto e ilustracións de **CARME SOLÉ VENDRELL**

Tradución de **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartonné. 21,5 x 28,5 cm. 40 páx. 15 €.

A Lúa de Xoán (galego)

ISBN 978-84-8464-934-2. MareMar.

La Luna de Juan (castelán)

ISBN 978-84-8464-933-5. Libros para soñar.

- PREMIO GENERALITAT DE CATALUNYA (ILUSTRACIÓN) 1983

- PREMIO CATALÒNIA DE ILUSTRACIÓN 1984

- UNHA DAS 100 OBRAS DA LIX ESPAÑOLA DO SÉCULO XX
(FUNDACIÓN GERMÁN SÁNCHEZ RUIPÉREZ)

Xoán vivía feliz co seu pai.

O pai de Xoán era mariñeiro. Ía pescar sempre de noite.

Namentres, Xoán tiña a Lúa por compañeira.

Unha noite de tronada, un golpe de mar

arreatoulle a saúde ao pai de Xoán...

“A Lúa de Xoán”, publicada orixinalmente en 1982, é unha das obras máis importantes na traxectoria de Carme Solé, xa que marcou a súa proxección internacional. Traducido a varias linguas, este álbum trata sobre o temor á morte e a forma de afrontalo. A reflexión sobre temas profundos como a soidade, a tristura ou a perda dun ser querido ten que ver co compromiso da autora -cuxa nai faleceu cando ela tiña nove anos- de falarlles aos nenos e ás nenas sobre os seus medos e darlles as respostas que non atopan nos adultos.


Cando o pai de Xoán regresa moi enfermo tras pasar a noite pescando, o neno asústase ante a idea de quedar só no mundo. Ante o desafío de recuperar a saúde perdida, Xoán terá que empregar toda a súa audacia e o seu enxeño, coa única axuda da súa amiga a Lúa.

A historia está chea de metáforas e de referencias simbólicas, tanto a nivel literario como gráfico: dende a propia Lúa, ata a forma dos acantilados e as ondas do mar embravecido, pasando pola serena presenza do cemiterio e do ciprés.

“A Lúa de Xoán” marcou un punto e á parte no estilo de Carme Solé: a sinxeleza no debuxo, con figuras de contornos ben definidos son algunhas cualidades desta obra, xunto coa matización e sutileza das cores, a importancia da luz e dos sombreados. Os contrastes e o destaque de elementos relevantes no relato reforzan a expresividade das ilustracións, que desprenden fantasía e inocencia, e que nos envolven nun mundo poético e suxerente.

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



■ **Temática:** a enfermidade e o temor á morte.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** reflexión sobre temas que lles preocupan aos nenos e ás nenas; familia; superación; simbolismo.

Carme Solé Vendrell

(Barcelona, 1944)

Estudou pintura na Escola Massana de Barcelona. Editou o seu primeiro libro en 1968 e, dende entón, ilustrou máis de 700 títulos, entre álbums e libros de texto, que se publicaron en numerosos países. Entre as súas exposicións destacan as antolóxicas en Taiwán (1997) e Barcelona (2001). Tamén colabora con revistas infantís e realiza traballos de escenografía, dramaturxia, dirección de teatro, cartelismo e animación. Impartiu cursos de ilustración e conferencias en Europa, América e Asia, ademais de participar en encontros profesionais. É socia fundadora da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña. Entre os galardóns que recibiu destacan: Janusz Korczak 1979, Premio Nacional de Ilustración 1979, Catalònia 1984, Crítica in Erba 1992, Octogone la Fonte 1992, Creu de Sant Jordi 2006, Premio Nacional de Cultura/Cómic 2012, Premio Nacional de Ilustración 2013 polo conxunto da súa obra. Dende 1992 compaxina a ilustración e a pintura.
<http://www.carmesolevendrell.com>

